



Xeografía e Historia de Galicia.

Carga horaria: 2h. Departamento: Xeografía e Historia.

Conta unha lenda que Deus, tras a creación da Terra, apoiou a súa man sobre ela para descansar. Esta é a orixe mítica das rías galegas, pero a xeografía pode explicarnos o mesmo dende un punto de vista científico. Coñecer o medio propio e a nosa historia permite coñecernos mellor a nós mesmos como pobo. A xeografía lévanos dende a natureza das altas montañas de Trevinca e Ancares, os bosques do Courel ou os canóns do Sil, ata as vilas antigas de Pontevedra ou Tui ou os polígonos industriais da Coruña e Vigo. A historia remóntanos á época dos castrexos ou romanos, ata a modernidade actual, pasando por místicos medievais, labregos que se alzan contra os seus señores ou corsarios que agochan tesouros. Unha materia amena e práctica para coñecer mellor Galicia.